

PERMISOS RETRIBUIDOS ELECCIÓN AUTONÓMICAS 12 DE XULLO DE 2020



NON TERÁN DEREITO A PERMISO RETRIBUIDO

As persoas traballadoras con horario de traballo que NON coincida co de apertura das mesas electorais, ou que o faga por un periodo inferior a dúas horas

PERMISO PARA ACUDIR A VOTAR

As persoas traballadoras que traballen ese domingo teñen dereito, como electores, a dispoñer ese día dun permiso retribuído para poder votar. A súa duración depende da maior ou menor coincidencia do seu horario de traballo co de apertura dos colexios electorais (que é de 9 da mañá a 8 da tarde):

Coincidencia do horario do traballador co do colexio electoral	Duración do Permiso
Non coincide (ou menos de dúas horas)	Sen permiso
Entre 2 e 4 horas	2 horas
Entre 4 e 6 horas	3 horas
Máis de 6 horas	4 horas

A empresa pode solicitar aos seus traballadores que xustifiquen que empregaron ese tempo para ir votar. Para iso, o traballador ou traballadora deberá achegar o xustificante correspondente (modelo oficial asinado polo presidente da mesa).

* Cando por tratarse de persoas traballadoras contratadas a tempo parcial realizasen unha xornada inferior á habitual na actividade, a duración do permiso antes sinalado reducirase en proporción á relación entre a xornada de traballo que desenvolven e a xornada habitual das persoas traballadoras contratadas a tempo completo na mesma empresa.

Permiso para votar por correo. No suposto de persoas traballadoras por conta allea que teñan previsto que na data da votación non se atopen na localidade onde lles corresponde exercer o seu dereito ao voto, ou que non poidan exercer o dereito de sufraxio o día das eleccións, disporán, no seu horario laboral, de ata catro horas libres de igual maneira que o establecido no artigo anterior, para que poidan formular persoalmente a solicitude do certificado de inscrición no censo, así como para efectuar a remisión do voto por correo.

Permiso por ser designado presidente ou vogal dunha mesa electoral. Se para o traballador a xornada de votación é laborable, a empresa ten que concederlle un permiso retribuído, previo aviso e xustificación. Traballen ou non o domingo, os traballadores que sexan presidentes ou vogais teñen dereito a unha redución de cinco horas na xornada do luns 13 de xullo.

Se o traballador elixido vogal ou presidente traballa a noite anterior á da xornada electoral e solicita cambio de quenda, é obrigatorio concederllo. Ademais, se o empregado ten que traballar na quenda de noite inmediatamente posterior á xornada electoral, ten dereito a que se lle reduzan estas cinco horas.

Permiso por ser designado interventor ou apoderado. O traballador que fose designado interventor ten os mesmos permisos que o presidente e os vogais. En canto ao apoderado, só ten dereito ao permiso retribuído correspondente ao día das eleccións. Nin o interventor nin o apoderado teñen dereito a percibir dietas, a diferenza do que sucede cos membros das mesas electorais.

Permiso por ser designado suplente. O traballador designado suplente ten obrigación de presentarse no colexio electoral ás 8 da mañá, para o que a súa empresa deberá darlle o correspondente permiso retribuído se ese domingo traballa. Se fallase algún titular e debe substituírle, o traballador terá entón dereito aos permisos correspondentes. Se, pola contra, non é necesaria a súa presenza, poderá acudir ao traballo con normalidade a partir dese momento. Como orientación, hai que ter en conta que a mesa debe estar formada ás 8.30 horas da mañá, polo que o traballador, a esa hora, xa coñecerá se debe substituír á persoa ausente ou pode acudir ao seu traballo.